



DATOS IDENTIFICATIVOS

A Educación Física na Educación Secundaria

Materia	A Educación Física na Educación Secundaria			
Código	P02M066V03213			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Experimentais. Educación Física			
Descritores	Creditos ECTS 8	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Alvariñas Villaverde, Mirian			
Profesorado	Alvariñas Villaverde, Mirian			
Correo-e	myalva@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral	Esta materia aborda aspectos xerais relativos á evolución da educación física, aos diferentes marcos de referencia que tivo e ás variacións no seu obxecto de estudo, partindo de concepcións pasadas ata chegar aos significados e formulacións actuais da mesma. Así mesmo, e a través dunha perspectiva educativa, desenvólvese a historia desta materia no sistema educativo, estudiando como evolucionaron as intencións e funcións da educación física na escola.			
A materia supón o punto de partida para coñecer, non só o contexto histórico e conceptual, senón tamén o curricular. Deste xeito, destinaremos parte da materia ao estudo da evolución do currículo da educación física, neste caso concreto, na Educación Secundaria.				
Por outra banda, tal e como se especifica na descripción dos contidos desta materia achegada na memoria para a solicitude de verificación do título, profundaremos no traballo docente en equipo, en como se pode e debe traballar de maneira conxunta nesta etapa educativa en relación coa educación física.				
Finalmente, traballaremos con especial dedicación a atención á diversidade do alumnado, enfocada á educación física na Educación Secundaria; en primeiro lugar, profundaremos no seu coñecemento/comprensión e na variedade de colectivos que se integran dentro deste concepto, para abordar posteriormente, e de forma moito más concreta, o traballo con certos grupos de interese, realizando experiencias prácticas e de investigación.				

Competencias de titulación

Código
A1 Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
A2 Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos.
A4 Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplícalaa aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursadas.

A6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudiantes.
A7	Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construcción dun futuro sustentable.
A8	Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudiante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.
A9	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos.
A14	Coñecer e analizar as características históricas da profesión docente, a súa situación actual, perspectivas e interrelación coa realidade social de cada época.
A16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
A17	Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional.
A18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidas.
A20	Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudiantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.
A21	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A22	Identificar e planificar a resolución de situacóns educativas que afectan a estudiantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
A24	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
A25	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional.
A32	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A38	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A39	Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudiantes
A40	Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A41	Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A42	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A44	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucionés.
A45	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
A47	Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente.
A48	Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A49	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
B1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
B2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos disponibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
B3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarios

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender e analizar cuestiós diversas derivadas do coñecemento da educación física, da súa evolución e estruturación, reflexionando sobre os significados pasados e actuais desta e as súas consecuencias pedagóxicas e sociais.	saber saber facer	A1 A14 A16 A17 A32 A44 B1
Coñecer a historia da educación física no sistema educativo.	saber	A1 A14 B1

Coñecer e analizar a evolución do modelo curricular da educación física escolar no ensino secundario.	saber saber facer	A1 A4 A8 A14 A16 A17 A24 A44 B1
Comprender a importancia do traballo docente en equipo e examinar diferentes técnicas de aplicación en educación física no ensino secundario.	saber saber facer Saber estar / ser	A1 A8 A9 A16 B1 B2 B3
Comprender e valorar a atención á diversidade en educación física no ensino secundario, realizando propostas prácticas innovadoras e construtivas.	saber saber facer Saber estar / ser	A1 A6 A7 A16 A17 A18 A20 A21 A22 A41 A42 A44 A45 A48 A49 B1 B2 B3
Ser capaz de deseñar e expoñer en público un traballo de investigación relacionado cos saber facer contidos da materia, utilizando diferentes técnicas de busca bibliográfica e de novas tecnoloxías.		A1 A2 A4 A6 A7 A8 A21 A25 A38 A40 A45 A47 B1 B2
Participar de forma activa na resolución de problemas plantexados na materia.	saber facer Saber estar / ser	A16 A17 A39 A49

Contidos

Tema

BLOQUE 1.	Consideracións xerais en torno ao coñecemento da educación física; evolución e desenvolvemento das distintas concepcións e do seu obxecto de estudo. Estruturación do coñecemento sobre educación física.
BLOQUE 2.	A educación física: natureza e significado actual.
BLOQUE 3.	A educación física no sistema educativo: historia da educación física no sistema educativo e evolución das funcións da educación física escolar.
BLOQUE 4.	Evolución do modelo curricular da educación e da educación física escolar: marco curricular da educación física no ensino secundario.

BLOQUE 5.

O profesorado, traballo docente en equipo. A atención á diversidade do alumnado.
 Procedementos e técnicas específicas para o traballo en educación física no ensino secundaria.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	30	40
Prácticas autónomas a través de TIC	0	20	20
Traballos tutelados	0	16	16
Sesión maxistral	30	60	90
Traballos e proxectos	0	34	34

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descripción
Resolución de problemas e/ou exercicios	Durante as clases presenciais e tamén a través da plataforma realizaranse pequenos exercicios.
Prácticas autónomas a través de TIC	A través da plataforma de teleensinanza o alumnado terá acceso aos apuntamentos da materia así como un espazo para realizar titorías virtuais e desenvolver actividades.
Traballos tutelados	O seguimento dos traballos será realizado a través de titorías que poderán ser individuais ou grupais, dependendo do número de alumnas e alumnos matriculados
Sesión maxistral	Parte dos contidos da materia serán expostos en forma de lección maxistral, por parte das profesoras

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Resolución de problemas e/ou exercicios	TUTORIAS DA DOCENTE
Prácticas autónomas a través de TIC	TUTORIAS DA DOCENTE
Traballos tutelados	TUTORIAS DA DOCENTE

Avaliación

	Descripción	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de problemas plantexados na clase	40
Prácticas autónomas a través de TIC	Participación a través da plataforma de teleensinanza	10
Traballos tutelados	Traballo sobre un artigo de revisión relacionado cos contidos da materia	40
Traballos e proxectos	Exposición dun traballo en público	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

* ver recomendacións

Bibliografía. Fontes de información

- Barberá, E. y Martínez Benloch, I. (Coord.) (2004). *Psicología y género*. Madrid: Pearson / Prentice Hall.
- Carabajosa, C. (1999). *Las profesoras de Educación Física en España. Historia de su formación (1938-1977)*. Oviedo: Universidad de Oviedo.
- Castillo, I., Álvarez, O. y Balaguer, I. (2005). Temas de investigación sobre aspectos psicosociales del deporte a través de la base de datos PSYCINFO (1887-2001). , (1), 109-123.
- De Torres, I. (Coord.) (2005). *Miradas desde la perspectiva de género. Estudios de las mujeres*. Madrid: Narcea.
- Fernández García, E. (Dir.) (2007). *Estudio de los estereotipos de género vinculados con la actividad física y el deporte en los centros docentes de educación primaria y secundaria: evolución y vigencia. Diseño de un programa integral de acción educativa*. Universidad Complutense de Madrid.
- Gallego, B. (2008). La investigación biográfico-narrativa en un estudio sobre la situación de las mujeres en el deporte.

- Riaño, C. (2004). *Historia cultural del deporte y la mujer en la España de la primera mitad del siglo XX a través de la vida y obra de Elia María González Álvarez y López Chicheri, Lilí Álvarez*. Madrid: CSD.
- Sau, V. (2000). *Diccionario ideológico feminista*. Vol. 1 Barcelon: Icaria.
- Sentamans, T. (2010). *Amazonas mecánicas: engranajes visuales, políticos y culturales*. Sørensen, J., Sørensen, J. B., Skovgaard, T., Bredahl, T., Pgaard, L. (2011). Exercise on prescription: Changes in physical activity and health-related quality of life in five Danish programmes. , (1), 56-62.
- Steindorf, K., Chang-Claude, J., Flesch-Janys, D., Schmidt, M.E. (2010). Determinants of sports, cycling, walking and overall leisure-time physical activity among postmenopausal women in Germany. *Public Health Nutr*, 13(11), 1905-1914.
- Táboas, M. I. (2009). *Análisis de los estereotipos corporales y de los modelos de actividad física representados en las imágenes de los libros de texto de educación física*. Tesis doctoral. Universidad de Vigo.
- Valls, C., Banqué, M., Fuentes, M. y Ojuel, J. (2008). Morbilidad diferencial entre hombres y mujeres. *Anuario de Psicología*, 39(1), 9-22.
- Vidiella, J., Herraiz, F., Hernández, F. y Sancho, J. M. (2010). Masculinidad hegemónica, deporte y actividad física. *Movimento*, 16(4), 93-115.
- Visio, M. E. (2003). Gender Typing of Sports: An Investigation of Metheny's Classification. *Research Quarterly for Exercise and Sport*, 74(2), 193-204.

Recomendación

Outros comentarios

Para superar a materia en primeira convocatoria e de xeito continuo, o alumnado ha de asistir polo menos ao 80% das clases. Ademais, hai que obter polo menos un 4 sobre 5 no traballo para que poida facer media co resto das notas. Quen non cumpla estes requisitos presentarase nunha segunda convocatoria a unha avaliación consistente en:

- a) exame oral sobre os contidos da materia: 5 puntos
- b) realización e presentación do traballo: 5 puntos

É imprescindible aprobar tanto o apartado a) como o b) para superar a materia.
